



INFORME DE LEGALIDADE SOBRE O PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE DETERMINAN A CONTÍA E MÁIS O PROCEDEMENTO DE ABOAMENTO DAS PROBAS PERICIAIS A CARGO DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA EN GALICIA

Esta Secretaría Xeral Técnica de conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, e logo de examinar o “Proxecto de Orde pola que se determinan a contía e mais o procedemento de aboamento das probas periciais a cargo da Administración de xustiza en Galicia”, emite o seguinte,

INFORME

1. Marco normativo e competencial

A Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, inclúe a asistencia pericial entre as prestacións propias do dereito á asistencia xurídica gratuíta, establecendo no seu artigo 6.6 a regra xeral de que a asistencia pericial gratuíta no proceso sexa realizada por persoal técnico adscrito aos órganos xurisdicionais, ou, no seu defecto, a cargo de funcionarios, organismos ou servizos técnicos dependentes das administracións públicas e só excepcionalmente e cando por inexistencia de técnicos na materia de que se trate, non fose posible a asistencia pericial de peritos dependentes dos órganos xurisdicionais ou das administracións públicas, esta se leve a cabo, se o xuíz ou o tribunal o estima pertinente en resolución motivada, por técnicos privados designados consonte o que se establece nas leis procesuais.

Como consecuencia das competencias transferidas á Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do Real decreto 2166/1994, do 4 de novembro, asumidas polo Decreto da Xunta de Galicia 394/1994, do 29 de decembro, a comunidade autónoma de Galicia realizou o desenvolvemento normativo da Lei 1/1996, de asistencia xurídica gratuíta, a través do Decreto 269/2008, do 6 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de asistencia xurídica gratuíta de Galicia.



Para o excepcional suposto de designación de técnicos privados como peritos xudiciais, o Decreto 269/2008, do 6 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de asistencia xurídica gratuíta de Galicia, establece o procedemento que para o caso debe seguir o órgano xudicial, correndo a cargo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da consellería competente en materia de xustiza, o aboamento dos honorarios conforme as condicións económicas que se estipulen entre a Administración e o perito.

O artigo 52.5 do citado Decreto establece que mediante unha orde da consellería competente en materia de xustiza se determinarán módulos económicos tipo, así como a forma de pago dos gastos e honorarios ocasionados pola actuación de profesionais privados en probas periciais.

2. Necesidade e oportunidade

O obxecto da presente Orde, dando cumprimento ao establecido no Decreto 269/2008, do 6 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Asistencia Xurídica Gratuíta de Galicia, é regular os módulos económicos, así como a forma de pago dos gastos e honorarios ocasionados pola actuación de profesionais privados en probas periciais, cuxo aboamento lle poida corresponder asumir á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da consellería competente en materia de xustiza.

3. Tramitación

Polo que respecta á instrución na elaboración do proxecto normativo, esta debe acomodarse ao procedemento legal e ás prescricións contidas nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Así, a Dirección Xeral de Xustiza, centro directivo impulsor, remitiu ao Servizo Técnico Xurídico o borrador da disposición acompañado dos seguintes documentos:

- Unha memoria explicativa (artigo 41.2.a da Lei 16/2010, do 17 de decembro).
- Unha memoria económica (artigo 41.2.b da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Así mesmo consta o acordo previo de inicio do procedemento de elaboración da dita disposición asinado pola persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (art. 41.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro)



Unha vez recibida a documentación e logo do seu estudo, o Servizo Técnico-Xurídico da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico, elaborou o preceptivo informe e obtivo a aprobación inicial do anteproxecto como proxecto pola persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (artigos 41.2 c) e 41.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Unha vez aprobada inicialmente a disposición como proxecto, esta publicouse na páxina web da Consellería, na relación dos procedementos de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en curso, indicando o seu obxecto e estado de tramitación, así como a posibilidade que teñen as persoas de remitir suxestións e a forma de facelo (artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e artigo 41.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Posteriormente o Servizo Técnico-Xurídico solicitou os informes dos órganos e unidades administrativas que debían pronunciarse sobre o texto do proxecto.

Así mesmo o órgano tramitador, o Servizo Técnico Xurídico, someteu o proxecto á audiencia da Presidencia e do resto de Consellerías da Xunta de Galicia así como ao Colexio Profesional de Enxeñería Informática de Galicia, ao Colexio Profesional de Enxeñería Técnica en Informática de Galicia, ao Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, ao Consello Galego de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Galicia, ao Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia, ao Colexio Oficial de Psicólogos, ao Consello Galego dos Colexios de Aparelladores e Arquitectos técnicos e ao Consello Galego de Colexios de Economistas.

Consta no expediente o informe da Dirección Xeral de Xustiza sobre as alegacións formuladas durante os trámites de audiencia e exposición pública, téndose presentado alegacións polas seguintes entidades: Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (enviado a través da Secretaría Xeral da Presidencia que indicaba expresamente que os restantes órganos superiores e entidades dependentes da Presidencia non presentaban alegacións), o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, o Consello Galego de Colexios de Economistas e o Consello Galego de Enxeñeiros Técnicos Industriais.

De conformidade co disposto no artigo 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, foi preciso solicitar informe económico-financeiro á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e o informe sobre cuestións de legalidade e técnica normativa da Asesoría Xurídica.

Ao tratarse dunha disposición administrativa de carácter xeral que puidera ter repercusións en cuestións de xénero ao abeiro do disposto no artigo 8 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de



Galicia en materia de igualdade, e do artigo 42.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, resultou preciso requirir informe sobre o seu impacto de xénero.

Ao non regularse no proxecto de orde procedementos administrativos, non foi preciso solicitar informe á Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, a tenor do previsto no artigo 42.7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro.

O 15 de marzo de 2017 a Secretaría Xeral de Igualdade emitiu o preceptivo informe sobre o proxecto de orde.

O 22 de marzo de 2017 a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos emitiu informe favorable sobre o proxecto de orde. Posteriormente, dado que non rematara a tramitación da orde no exercicio 2017, emite novo informe o 5 de abril de 2018, ratificando en tódolos aspectos o informe inicial dado que as modificacións feitas non foran significativas dende o punto de vista orzamentario.

Finalmente, o 22 de maio de 2018 a Asesoría Xurídica emitiu o correspondente informe en sentido favorable sobre a súa legalidade.

4. Legalidade

En cumprimento do disposto no artigo 43.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o proxecto someterase á aprobación da persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

De acordo co indicado, e logo da proposta elevada pola Subdirección Xeral de Réxime Xurídico, considérase que este proxecto de orde reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se informa favorablemente o mesmo.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2018

A secretaria xeral técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza